

A CENG está aberta ás suxestións e necesidades que a sociedade lle faga chegar e comprométese a estudalas nas súas sesións de traballo.

SITIO WEB:

<https://www.mitma.gob.es/organos-colegiados/consejo-superior-geografico/csg/comisiones/comision-especializada-de-nombres-geograficos>



ENDEREZO POSTAL:

CONSEJO SUPERIOR GEOGRÁFICO
Comisión Especializada de Nombres Geográficos
C/ General Ibáñez de Ibero, 3
28003 Madrid
secretaria.gral.ign@mitma.es

INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL
<https://www.ign.es>

NIPO papel: 798-23-037-0
NIPO digital: 798-23-035-X
Depósito Legal: M-27737-2023



COMISIÓN ESPECIALIZADA DE NOMBRES GEOGRÁFICOS (CENG) DEL CONSEJO SUPERIOR GEOGRÁFICO*

As Conferencias das Nacións Unidas sobre a Normalización dos Nomes Xeográficos (que teñen lugar cada cinco anos desde 1967) recomandan que exista en cada país un órgano nacional de nomes xeográficos que coordine os distintos organismos competentes nesta materia para conseguir unha verdadeira normalización a nivel estatal, previa á internacional.



Folleto informativo das Nacións Unidas

O órgano que ten as funcións de coordinar as administracións competentes en nomes xeográficos en España e de aprobar o Nomenclátor Xeográfico Nacional é o Consejo Superior Geográfico¹, que dispón da Comisión Especializada de Nombres Geográficos² (CENG) como órgano de estudo e proposta para tomar as súas decisións nestes temas (Real decreto 1545/2007; 23 de novembro de 2007).

Quen forman parte de la CENG?

Forman parte dela representantes de autoridades en nomes xeográficos da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, así como de universidades, de academias das linguas e doutras institucións relacionadas coa toponimia.

¹ CONSELLO SUPERIOR XEOGRÁFICO

² COMISIÓN ESPECIALIZADA DE NOMBRES XEOGRÁFICOS



Xornadas da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos

Cales son os obxectivos da CENG?

Os seus principais fins son:

- Impulsar a normalización da toponimia en España en coordinación cos organismos competentes.
- Promover o coñecemento dos nomes xeográficos, o seu uso normalizado e o seu valor como patrimonio cultural.
- Elevar as súas propostas á Comisión Permanente do Consejo Superior Geográfico*.

O Plan de Traballo da Comisión recolle as seguintes liñas básicas de actuación:

- Avanzar na normalización da toponimia.
- Fomentar a coordinación e a cooperación.
- Fomentar a formación e a investigación sobre nomes xeográficos.
- Difundir e divulgar a toponimia na sociedade.

* CONSELLO SUPERIOR XEOGRÁFICO

COMISIÓN ESPECIALIZADA DE NOMBRES GEOGRÁFICOS*

IMPORTANCIA DOS NOMES XEOGRÁFICOS E NECESIDADE DO SEU USO NORMALIZADO




* COMISIÓN ESPECIALIZADA DE NOMBRES XEOGRÁFICOS

O VALOR DOS NOMES XEOGRÁFICOS


Un nome xeográfico ou topónimo é un nome propio de lugar. Os topónimos son as denominacións con que designamos os lugares que nos rodean: rúas, aldeas, vilas, cidades, ríos, serras, agras, etc. Xeralmente, están compostos por un termo xenérico e un termo específico (serra de Gredos, praia de San Cibrao, río Guadalquivir...).

Os topónimos serven para:

- Identificar e localizar os lugares en que se desenvolve calquera actividade humana.
- Ler un mapa, como un dos elementos básicos da cartografía.
- Acceder directa e intuitivamente a moi diversas fontes de información, en especial a través da internet.



A toponimia é parte esencial da cartografía (folia 598-III Plasencia, do MTN25)



- Acceder aos sistemas de información xeográfica (SIX), ás infraestruturas de datos espaciais (IDE) e a outros conxuntos de datos dixitais, como parte integrante deles.
- Coñecer determinadas características dos lugares, a través do significado dos seus nomes.
- Obter información para numerosos campos de investigación (lingüística, xeografía, historia, arqueoloxía, medio ambiente...).

“Os nomes xeográficos son chaves indispensables para acceder á información no mundo globalizado e dixital en que vivimos”

Grupo de Expertos das Nacións Unidas en Nomes Xeográficos

Os topónimos forman parte do noso patrimonio cultural intanxible:

- Constitúen unha parte importante das linguas e conservan formas que evidencian a súa evolución.
- Son valiosas testemuñas da historia e dos modos de vida pasados ou actuais.

A 9ª Conferencia das Nacións Unidas sobre a Normalización dos Nomes Xeográficos (2007), na súa Resolución IX/4, considera que os topónimos forman parte do patrimonio cultural inmaterial

NECESIDADE DA NORMALIZACIÓN

A normalización dos nomes xeográficos consiste na aprobación por unha autoridade competente, segundo a normativa vixente, da súa denominación concreta e da grafía correcta coa que se debe escribir.

O uso de nomes normalizados é imprescindible para identificar un lugar de forma inequívoca. Por iso, é especialmente importante a súa utilización nas administracións públicas, nos medios de comunicación, na cartografía, nos sistemas de información xeográfica, na sinalización viaria e nas publicacións.



Exemplo de uso incorrecto dun topónimo na sinalización viaria. O nome oficial é «Riocavado»

Quen normaliza os nomes xeográficos?

Como consecuencia da configuración de España como Estado autonómico, as competencias sobre nomes xeográficos están repartidas entre as diferentes administracións:

- A Administración xeral do Estado ten capacidade para establecer o nome oficial das entidades xeográficas de interese xeral da súa titularidade.
- O Instituto Geográfico Nacional* (Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana) ten competencias para determinar a toponimia que afecte a máis dunha comunidade autónoma, así como para normalizar e difundir a toponimia oficial en coordinación cos axentes competentes.
- As comunidades autónomas teñen as competencias que normativamente desenvolveron sobre os seus nomes xeográficos, harmonizadas coas propias das deputacións forais, os cabidos e consellos insulares, así como os concellos.

Cales son os beneficios da súa normalización?

Segundo o Grupo de Expertos das Nacións Unidas en Nomes Xeográficos, tanto no ámbito internacional como no nacional ou local, é fundamental dispor de nomes xeográficos correctos para explotar mellor os datos xeográficos nos seguintes contextos:

- Estratexias de planificación sustentable.
- Desenvolvemento económico.
- Xestión ambiental.


* INSTITUTO XEOGRÁFICO NACIONAL



- Infraestruturas de servizos colectivos de distribución.
- Dereitos de propiedade e catastro.
- Coordinación de servizos de emerxencia e axuda humanitaria.
- Comercio e turismo.
- Promoción do patrimonio cultural e natural.
- Medios de comunicación.
- Elaboración de mapas, atlas e cartas de navegación.

As linguas da toponimia en España

A normalización da toponimia en España debe ter en conta a existencia de diferentes linguas vivas no seu territorio e a riqueza lingüística que este feito supón. Os topónimos poden estar normalizados en castelán, lingua oficial de España, nas linguas cooficiais propias de determinadas comunidades autónomas (galego, éuscaro, catalán ou valenciano, e aranés) ou noutras linguas e dialectos (asturiano, leonés, aragonés), sen esquecer os trazos de fala que moitas veces se reflicten na toponimia.



Mapa lingüístico de España